

A CHOIVA

Sempre que falamos de Galicia véñennos á cabeza as súas fermosas praias, a súa lingua, a súa vexetación, as súas xentes... pero, sobre todo, a choiva. Hai máis de cen termos galegos para referirnos a ela pero seguramente hai moita xente a quen lle gustaría que non fose tan frecuente, como a Aldara.

Aldara era unha moza galega que vivía coa súa familia hai moitos anos nun lugar onde o orballo, a sarabia, a neve... en xeral a auga, era moi frecuente. Chovía pola mañá, pola tarde e pola noite. Súa nai sempre lle dicía: “Nunca choveu que non escampara”, mais, para Aldara, era imposible crelo, nos seus dezoito anos nunca houbo un día onde non chovese, e iso aborrecíaa e enfadábaa.

Unhas semanas antes do seu décimo noveno aniversario diluviou sen parar, iso non era o normal. Algo pasaba. Chegou o seu aniversario e os raios de sol atravesaban as xanelas. Nin novos nin vellos viran tal cousa. Pensaban que logo ía pasar, que logo chegaría o frío. Mais nada máis lonxe da verdade. En poucos días o sol evaporou a auga dos ríos, das fontes e das pozas.

Esa vila converteuse nun completo deserto no medio de Galicia en poucas semanas. Difícil de crelo, verdade? As primeiras semanas todos disfrutaban do sol, sobre todo Aldara, mais foi a primeira en aborrecer ese clima. Iso non era o dela. Non paraba de repetirse na súa cabeza a frase tan coñecida da súa avoa: “Non sabes o que tes ata que o perdes”.

Cando pasou a euforia dos primeiros días, decatáronse do importante que era a nevisca, o froallo, a auga en xeral, mais non sabían que facer para traela de volta. Esperaron varios días pola auga mais non aparecían rastros de cambio por ningures. Desesperados, comezaron a cavar, coas mans, coas pas... Atopaban pedras, tiñan moita calor e a suor esvaraba polas súas caras, mais nunca pararon de apartar a terra ata que atoparon o esperado líquido.

Así se formaron as caldeiras do Río Castro, na parroquia de Castro, concello de Coristanco, un lugar fermoso onde sempre se pode atopar e apreciar a auga, esa auga que tan ben define, simboliza e representa a Galicia.

Laura Fernández Rial